# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2022/2 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 24 de febreiro de 2022 |
| **Duración** | Desde as 10:15 ata as 11:45 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | Rocío López García |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 33321327P | JAVIER HUERTAS OTERO | SÍ |
| 71865319W | MANUEL ARANGO RON | SÍ |
| 77593740C | MERCEDES DENGRA SIXTO | SÍ |
| 76580879X | ROCÍO LÓPEZ GARCÍA | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

**Begoña González Pedregal (1 para 2)**
Secretaria - Interventora
Data de Sinatura: 10/03/2022
HASH: 3265120b6ee914446a3916907be718b9

**rocio lopez garcia (2 para 2)**
Alcaldesa
Data de Sinatura: 11/03/2022
HASH: d0f8d2cefb00667c1068230e9807753f

Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 48

**APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 31/01/2022.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data trinta e un de xaneiro do dous mil vinte e dous (31/01/2022), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

**Expediente 37/2022. SOLICITUDE DE LICENCIA DE OBRA. D. RAIMUNDO RIVAS VENTOSO. OBRAS INTERIORES**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por **D**. **RAIMUNDO RIVAS VENTOSO** con NIF.****7547-E, con domicilio en San Lorenzo núm.9, parroquia de San Jorge (Lourenzá) e na súa representación, a efectos de notificacións, a arquitecta redactora da memoria, Dª. AURORA MARÍA LÓPEZ BARRÓS, con NIF.***3817B, que tivo entrada nas oficinas municipais o día 15/01/2022, sendo rexistrada de entrada co número 17 para a realización dos traballos consistentes en OBRAS INTERIORES SEN AFECCIÓN ESTRUTURAL NIN AUMENTO DE VOLUME: SUBSTITUCIÓN DE ENTABLADO E CARPINTERÍAS INTERIORES en vivenda unifamiliar sita no lugar de San Lorenzo núm. 9, parroquia de San Jorge, con Referencia Catastral 27027C003006440000DS, na zona de afección dun regato innominado. Acompañase á solicitude Memoria Valorada de data Decembro/2021 redactada por Dª. Aurora María López Barrós, arquitecta colexiada núm.3177 del COAG.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 27/01/22 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección Agropecuaria .
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- As obras solicitadas consisten na substitución do entaboado da planta baixa da vivenda e 5 portas dos locais de dita planta.
- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesita Proxecto Técnico e ao tratarse de obras interiores non se fai necesario informe

Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 48

de Medio Rural.
- Consta no expediente a comunicación de Augas de Galicia, de data 18/01/22 polo que se informa da presentación da Declaración Responsable para a execución de ditas obras, Expediente DH.W27.82191, dentro do dominio público hidráulico e zona de policía e que dita declaración cumpre co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación).
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar trescentos cincuenta e oito euros con cincuenta céntimos (358,50) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en once mil novecentos cincuenta euros. (11.950,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 282/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA D. JOSÉ GONZÁLEZ FERNÁNDEZ. RETELLADO VIVENDA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. JOSÉ GONZÁLEZ FERNÁNDEZ** con NIF.****9921-C, con domicilio en Castiñeiras Verdes núm. 1, Parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), con data 06/05/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 840, para a realización dos traballos consistentes en **RETELLADO DE VIVENDA** sita no lugar de Castiñeiras Verdes núm. 1, Parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), con Referencia Catastral 001907400PJ31B0001YE, na área de afección do Castro da Rigueira, da casa na Estrada LU-131 e no Camiño de Santiago Norte así como na marxe dereita, punto kilométrico 0,5 da estrada provincial LU-P-2805 que une Santo Tomé con Santa María Mayor.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 27/01/22 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo non Urbanizable de Núcleo Rural.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 48

de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- Figura no expediente a declaración responsable enviada ao servicio de Vías e Obras da Deputación de Lugo, por ser unhas obras que se encontran na zona de afección da estrada provincial LU-P-2805 que une Santo Tomé con Santa María Mayor; marxe dereito, punto km. 0,5, sendo suficiente esta declaración ao tratarse de obras menores de conservación e mantemento de edificacións.
- As obras a levar a cabo encóntrase dentro da zona de influencia do Camiño de Santiago, do Castro da Rigueira e da Casa na estrada LU-131 (tal e como figura no Plan Básico Autonómico) pero que tendo en conta que o solicitante manifesta en escrito de data 29/06/2021 que vai a retellar con lousa irregular e tosca, non se fai necesario a autorización da Consellería de Cultura, ao limitarse as obras á substitución da cuberta utilizando o mesmo material tradicional, lousa irregular e conservando as características orixinais da cuberta, tal e como figura na Instrución publicada no DOGA de data 13/08/2019, conforme ao punto VI B).
- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesita Proxecto Técnico.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos dezasete euros con corenta e cinco céntimos (217,45) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en sete mil douscentos corenta e oito euros con corenta céntimos (7.248,40). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

| **Expediente 570/2020. SOLICITUDE DE LICENCIA D. JAIME LÓPEZ FORNÉS** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 48

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. JAIME LÓPEZ FORNÉS** con NIF.****8553T, con domicilio no lugar de C/Marqués de Valdavia núm. 119-4C (28100-Alcobendas-Madrid), con data 24/10/2020, sendo rexistradas de entrada cos números 238 e 239 para a realización dos traballos consistentes en **REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA E ANEXO** sitos no lugar de A Rigueira núm. 5, parroquia de Santo Tomé, na parcela con Referencia Catastral 27027C009030270000DJ e edificacións con Referencia Catastral 001901400PJ31B0001LE, na zona de policía dun regato innominado no lugar de Rigueira (Santo Tome), no trazado do Camiño de Santiago Norte, e na zona de afección da estrada LU-P-2801 "Santo Tomé (LU-122)-Augaxosa-Mazo (LU-124), KM. 0+750, marxe dereita; e no contorno de protección da Igrexa Parroquial e a Casa Rectoral de Santo Tomé para o que acompaña proxecto técnico de data 30/09/20, visado co núm. VN20003171 o 14/10/20, redactado polo arquitecto técnico D. Noé Villapol Martínez, Colexiado núm. 3036 do COATAC.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 10/02/22 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo non Urbanizable de Núcleo Rural de 15, Igrexa de Santo Tomé.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Consta no expediente a Resolución favorable do organismo autónomo de Augas de Galicia, ao que fai referencia no informe do técnico municipal, *Expediente* DH. W27.73423 de data 12/05/2021, no que figuran, literalmente, as seguintes condicións xerais e particulares:

"<u>A.-XERAIS:</u>

1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 48

sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.

7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.

8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

B.-PARTICULARES:

1.- As obras consistirán na reforma dunha vivenda unifamiliar illada e dun anexo a esta (almacén1) e na demolición de varias edificacións anexas (demolición total do anexo a vivenda e parcial dos almacéns 2, 3, 4 e 5) na parcela catastral 27027C009030270000DJ, no lugar da Rigueira, na parroquia de Santo Tomé de Lourenzá, no concello do Lourenzá (Lugo).

Na documentación recóllese que a parcela dispón de saneamento e abastecemento de auga potable. Tamén se fai referencia á existencia dun pozo no almacén 1, polo que neste senso deberá aterse ao cumprimento do recollido nas condicións particulares.

As obras executaranse segundo o recollido no Proxecto Técnico "Reforma de vivienda unifamiliar aislada y anexo, sitos en lugar a Rigueira nº5, parroquia de San Tomé, Lourenzá (Lugo)" e " Demolición parcial de construcciones anexas y colindantes a vivienda unifamiliar, sitas en lugar a Rigueira nº5, parroquia de San Tomé, Lourenzá (Lugo)".

Reformarase a vivenda unifamiliar de planta baixa e primeira planta cunha superficie construída de 208,42 m², o almacén 1 anexo á vivenda de 31,82 m² e un forno de 4,62 m².

Proxéctase a demolición de construcións anexas e lindeiras coa vivenda unifamiliar (anexo á vivenda e almacéns 2, 3, 4 e 5), motivado polo estado de ruína na que se atopan, co derrubo dalgunhas cubertas e en xeral cun estado de conservación deficiente, irrecuperable e que non é compatible co uso asignado. Deixaranse en pé varios tramos de muro de



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 48

pedra que se atopan en bo estado, nos que se realizarán traballos de consolidación e conservación, para a recuperación dun patio interior, que encerra o conxunto de edificacións.
A demolición consistirá na eliminación dos elementos que corran risco de desprenderse e na consolidación dos elementos que non resulten alterados ou eliminados.
As principais actuacións serán as seguintes:
- Reforma da vivenda unifamiliar: non se intervén na estrutura nin volumetría, proxéctase a reforma dos sistemas de tabiquería de compartimentación, carpinterías, instalacións e revestimentos da vivenda unifamiliar. Tratarase de recuperar o máximo número dos elementos posibles orixinais da vivenda.
- Reforma do almacén 1 (lindeiro coa vivenda): as obras proxectadas consisten na demolición da cuberta, alicerces e cimentación (conservando o muro de pedra), e a reposición destes por outros de similares características, dotando á cuberta do devandito almacén da estabilidade e resistencia dos que actualmente carece, sempre coa idea de conservar os valores primixenios do ben, tanto na súa forma, como nos seus materiais.
- Demolición total do anexo á vivenda unifamiliar polo vento sureste para devolver a vivenda á súa volumetría e apariencia orixinais. Consolidarase o muro da vivenda unifamiliar que queda exposto e recuperarase o voladizo baixo cuberta da porta balconera.
- Demolición parcial do almacén 2 (lindeiro co almacén 1 que se reforma). Demoleranse as dúas plantas salvo a parte de muro de pedra na que apoia o forxado da primeira planta que se conservará.
- Demolición parcial do almacén 3 (lindeiro co almacén 1 que se reforma e co almacén 2 que se derriba). Demoleranse as dúas plantas agás a parte de muro de pedra que conformaba o patio orixinal que se conservará para devolver o conxunto ao seu estado orixinal.
- Demolición parcial do almacén 4 (lindeiro co almacén 3). Demolerase a planta salvo as partes de muro de pedra que conformaban o patio orixinal que se conservarán para devolver o conxunto ao seu estado orixinal.
- Demolición parcial do almacén 5 (lindeiro co almacén 4 e coa vivenda). Demolerase a planta salvo as partes de muro de pedra que conformaban o patio orixinal que se conservarán para devolver o conxunto ao seu estado orixinal. Tampouco se demolerá un forno de pedra de xeometría semicircular situado no lado exterior do patio proxectado no que se realizarán traballo de conservación dos muros de pedra.
As obras afectan a zona de policía dun rego innominado a uns 12,10 m, na súa marxe dereita
2.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos. (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias), quedando en todo caso



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 48

expedita.
3.- Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.
4.- As obras axustaranse ás características técnicas e xeométricas descritas na documentación achegada.
5.- De xeito xeral, as obras non alterarán o réxime hidrolóxico da zona e as augas discorrerán polos lugares polos que o farían de xeito natural.
6.-As obras solicitadas non modificarán os puntos de entrada e saída dos fluxos de augas que poidan chegar ao predio procedentes doutros predios superiores debendo resolverse a circulación das augas dentro do mesmo predio e sen establecer maior gravame do existente a terceiros nin causar afección ao dominio público hidráulico.
7.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas na zona de servidumes de leitos, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.
8.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as actuacións se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de seren necesarios durante a execución das obras, instalaranse sistemas físicos-barreiras que impidan os arrastres de terras e/ou materiais de obra cara os leitos.
9.-Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se depositarán materiais, residuos ou calquera material contaminante no leito nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas. Terase especial precaución coa retirada dos cascallos e outros residuos procedentes da demolición das construcións.
10.-Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes ou materiais cara aos leitos, así como o depósito de calquera material contaminante na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar que poda ser alcanzado polas enchentes (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable).Especial precaución deberá terse nos traballo de demolición das construcións.
11.- O cascallo da demolición e outros residuos xerados durante a actuación deberán xestionarse de acordo coa lexislación vixente. Especial precaución deberá terse no caso de existir fibrocemento que puidese ter amianto, debendo nese caso xestionarse correctamente e manipularse/retirarse seguindo a normativa vixente por unha empresa autorizada.
12.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas continentais, establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 48

o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de septiembre por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del estado de las aguas superficiales e las normas de calidad ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de octubre, por el que se regula la protección de las aguas subterráneas contra la contaminación y el deterioro.
13.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior dos edificios, estas colocaranse fora da zona de servidume de leitos, da zona de fluxo preferente e zonas inundables e adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos.
14.-Lémbraselle que, no caso de non estar a vivenda conectada ás redes municipais de saneamento, ou no caso de que na parcela se producise calquer vertido á rede hidrolóxica (subterránea o superficial) susceptibles de provoca-la contaminación ou degradación do dominio público hidráulico, viría obrigado a solicita-la preceptiva autorización de vertido ante Augas de Galicia.
Do mesmo xeito, se se producise algún aproveitamento de augas de calquera procedencia, distinto do dunha rede municipal de abastecemento , lémbraselle que virá obrigado a tramita-la correspondente concesión ante Augas de Galicia, ou, segundo o caso, o recoñecemento do dereito ao uso privativo da auga por disposición legal. Esta condición é especialmente relevante posto que na documentación se sinala a existencia dun pozo no Almacén 1. No caso de que este pozo non estea en uso ou non se legalice, deberá procederse ao seu selado.
15.- En todo caso o promotor será responsable da solución técnica e estrutural elixidas así como dos aspectos medioambientais e os relacionados coa seguranza na obra.
16.- No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional o definitiva de parcelas alleas precisarase acordo cos seus titulares.
17.- Recomendase ao promotor á adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección fronte a enchentes da vivenda segundo a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a normativa da Comunidade Autónoma. Recoméndaselles así mesmo que teña en conta o recollido no Anexo VIII Consellos á poboación ante o risco de inundacións da Resolución do 4 de outubro de 2016 pola que se publica o Plan Especial de Protección Civil ante o risco de inundacións en Galicia (INUNGAL).
18.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.
19.- O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 48

contado a partir do día seguinte ao da recepción desta resolución. Finalizado este prazo, extinguirase a validez da autorización a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.
20.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno."
- Figura no expediente a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da C. de Cultura, Educación e Universidade, Expediente núm. 2021/2124, de data 01/02/2022, na que consta que se autoriza a execución das obras de reforma de vivenda unifamiliar, no lugar de Rigueira núm. 5, referecias catastrais 27027C00903027 e 0019014000PJ31B, Lourenzá, dacordo co cumprimento das condicións establecidas nos puntos 2.2 de dita Resolución e cuio contenido literal é o que segue:
"Estudada a documentación presentada e tendo en conta a normativa citada e as características dos bens afectados, conclúese que as obras solicitadas, sen prexuízo de terceiros e do cumprimento do resto do ordenamento vixente, son COMPATIBLES coa protección do patrimonio e conservación dos valores do Camiño, co cumprimento das seguintes condicións:
a) No emprego de morteiros sobre paramentos de fábrica de pedra, estes non poderán ser exclusivamente de cemento. Empregaranse no seu lugar, morteiros de cal ou no seu defecto, morteiros bastardos de cal e cemento, análogos ós empregados nas prácticas construtivas tradicionais, se texturas decorativas in árido engadido de tamaño visible. O morteiro colorearase en masa ou pintarase nunha cor escollida de entre as recomendadas para cerramentos na área na devandita ficha R01 do Tomo XII: GAP A Mariña-Baixo Eo da Guía de Cor e Materiais de Galicia.
b) No desmontaxe da lousa das cubertas orixinais procurarase a recuperación das súas pezas para a súa recolocación posterior nas novas, completando con pezas novas, de tamaño semellante e forma irregular, substituíndo a aquelas que resultasen perdidas ou deterioradas.
c) As novas carpinterías resolveranse cun acabado natural natural o pigmentado, sempre empregando produtos de poro aberto- non pechado como vernices- lasures ou pinturas de acabado mate. De empregarse un acabado coloreado, a cor que se empregue deberá escollerse de entre as recomendadas para a área na Ficha R01 do Tomo XII: GAP A Mariña-Baixo Eo da Guía de Cor e Materiais de Galicia.
d) Non se autoriza, e prohíbese expresamente a apertura da quinta fiestra do alzado sureste, coincidente co oco da escaleira da vivenda, considerando que é un elemento anómalo na composición da fachada que supón un prexuízo para os valores culturais dos bens afectados.
e)Nas fachadas da vivenda non se empregarán elementos de pedra de



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 48

pequeno espesor de carácter exclusivamente decorativo, sen unha función construtiva real, tales como recercados de ocos, falsos esquinais, remates de canto de forxados, etc. En calquera caso, de empregarse pezas de pedra, estas serán de características homoxéneas entre si, e axustadas ás dos elementos de pedra orixinais presentes na vivenda.
f) As chemineas de fábrica remataranse con materiais e acabados análogos ós do resto de paramentos das vivenda.
g) Os traballos non poderán interromper o paso pola traza do Camiño. Se fora imposible evitar esta situación ou cando sexa preciso para garantir a seguridade dos peregrinos, habilitarase un itinerario alternativo. Este itinerario acondicionarase debidamente, tanto no que respecta á seguridade do peregrino como ás condicións paisaxísticas do itinerario.
h) As posibles provisión de materiais realizaranse á maior distancia posible dos ben e o emprego e tránsito da maquinaria que os manipule cinguirase ás vías existentes, evitando ó máximo as súas áreas de cautela."
Figura no expediente o informe da Exma. Deputación Provincial por estar situada a edificación no KM. 0+750 da marxe dereita da estrada LU-P-2801 "Santo Tomé (LU-122)-Augaxosa-Mazo (LU-124) de data 27/11/2020, con Referencia 609/2020 así como a prórroga de dita autorización de data 26/11/21 e que se lle concede ata o 02/05/22, sempre e cando sigan cumprindose as condicions fixadas na primeira autorización. As condicións tanto xerais como especiais que se deberán cumprir e son, literalmente, as seguintes:
"A) CONDICIONES ESPECIALES.
PRIMERA.- Se autorizan las obras de rehabilitación de la vivienda y del alpendre ( substitución de cubierta, carpintería exterior, obras interiores) por estar situada dicha edificación a distancia superior a la línea límite de edificación situada a siete (7) metros desde el borde exterior de la calzada y a distancia superior a 10 m. del eje de la vía provincial, medidos en horizontal y perpendicular al mismo, según definición del art. 41 de la Ley 8/2013 de Carreteras de Galicia, modificada por la Ley 3/2018 de 26 de diciembre, de medidas fiscales y administrativas y Acuerdo del Pleno de esta Diputación de 30/04/2019 (BOP. LUGO núm.255 de 7/11/2019).
SEGUNDA.- La ejecución de cualesquiera obras ( accesos, salvacunetas) instalaciones (canalizaciones subterráneas, conducciones aéreas...) o cualquier otra actividad(plantación...) no expresamente comprendidas en la presente autorización, situadas a distancia inferior a la de afección de la vía provincial, según definición del art. 40 de la Ley 8/2013 de 28 de junio, de Carreteras de Galicia, y que resulte a 32 m. del borde asfaltado, deberán ser objeto de autorización mediante presentación por el interesado de solicitud en la que conste descripción detallada de las características , dimensiones, materiales de la situación actual y distancia al borde exterior de la calzada, así como de las actuaciones que



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 48

se pretendan realizar.
TERCERA.- Cualquier instalación provisional (andamios, grúas, vallas, señales) que pudieran afectar a la zona de dominio público o servidumbre, según definición de los artículos 37,38 y 39 de la Ley 8/2013 de Carreteras de Galicia, y que resulte a distancia inferior a 4 m. del borde asfaltado, deberán ser objeto de solicitud por el interesado, indicando los metros de frente a la vía provincial y distancia al borde del firme y eje de la carretera, así como plazo previsto de ocupación de la misma.
CUARTA.- La presente autorización se otorgará a reserva de las demás licencias y autorizaciones necesarias sin perjuicio de terceros y dejando a salvo los derechos preexistentes sobre los terrenos o bienes.
QUINTA.- Las actuaciones podrán ser inspeccionadas en todo momento por el personal de la administración titular de la carretera o de la que otorgó la autorización.
SEXTA.- Durante la ejecución de las obras, éstas deberán estar debidamente señalizadas para evitar posibles accidentes a los usuarios de la vía provincial.
SÉPTIMA.- Las tasas se devengarán preceptivamente y obligatoriamente en su totalidad antes del inicio de obra, facultad que otorga a esta Diputación el art. 9 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Autorizaciones de obras y otros aprovechamientos situados en zonas contiguas a las carreteras provinciales, BOP. 258 de 10/11/1995 y el art. 6 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la utilización privativa o aprovechamiento especial bienes de dominio público provincial BOP. 261 de 13/11/1998) y la Ley Reguladora de las Haciendas Locales. Lo establecido en la Ley 58/2003 de 17 de diciembre, General Tributaria en su art.62. Plazos para el pago, no habilita la presente autorización mientras no se hayan satisfecho las preceptivas tasas.
OCTAVA.- Deberá comunicar por escrito la fecha de inicio de las obras con una antelación de diez (10) días con el fin de poder llevar a cabo un seguimiento de las mismas por el personal adscrito a Vías y Obras. Las obras deberán hallarse terminadas en el plazo de Doce (12) meses contados a partir de la fecha de la notificación. El incumplimiento de las referidas condiciones significa la nulidad de la autorización, pudiendo dar lugar al correspondiente procedimiento sancionador y responsabilidades que se pudieran detraer.
B) CONDICIONES GENERALES.
Primera.- La persona que se halle al frente de las obras deberá tener en su poder esta autorización o una fotocopia de la misma, con la obligación de presentarla al personal encargado de la vigilancia de la vía.
Segunda.- Se prohíbe depositar sobre la vía afectada materiales o escombros con motivo de estas obras.
Tercera.- Esta autorización se otorga en precario, dejando a salvo el derecho de propiedad y sin perjuicio de otras competencias concurrentes



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 48

o autorizaciones sectoriales necesarias.
Cuarta.- La conservación de las obras objeto de esta autorización en el debido estado de uso será de cuenta del concesionario.
Quinta.- El incumplimiento de cualquiera de las precedentes condiciones lleva consigo la nulidad de esta autorización y la consiguiente demolición de las obras, por cuenta del usuario de las mismas.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar tres mil cento cincuenta e nove euros con sesenta e catro céntimos (3.159,64) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en cento cinco mil trescentos vinte e un euros con vinte e tres céntimos (105.321,23). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 492/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA URBANÍSTICA D. FERNANDO PÉRTEGA PÉRTEGA. REHABILITACIÓN VIVENDA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. FERNANDO PÉRTEGA PÉRTEGA,** con NIF.****4467L, con domicilio no lugar de San Lourenzo núm. 5, parroquia de San Xurxo (Lourenzá) con data 23/08/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 1736, para a realización dos traballos consistentes en REHABILITACIÓN DE CUBERTAS, FACHADAS E SOLO DE VIVENDA UNIFAMILIAR sita no lugar de San Lourenzo núm. 5, parroquia de San Xurxo (Lourenzá), coas Referencias Catastrais da parcela e edificación 27027C00400682000IFO e 27027C004006820000DI, respectivamente, na parcela 682 do polígono 4 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur. Acompaña á solicitude Memoria Valorada de data Xullo/2021 redactada por D. Oscar López Alba, arquitecto colexiado núm. 2576 do COAG.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 10/02/22 a saber:
-Estrita suxeición ao solicitado.
-Normativa aplicable: Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria .
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 48

-As obras solicitadas consisten na rehabilitación da cuberta e colocación de canalón de aluminio de sección circular e baixantes tamén de aluminio e a execución dunha soleira de formigón de 15 cm de espesor.
-Estas obras pola súa escasa complexidade non necesita Proxecto Técnico.
-Figura no expediente informe favorable emitido polo Servicio de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural, de data 20/10/2021 no que literalmente consta:
*"As actuacións pretendidas de rehabilitación de cuberta, fachada e soleira en edificación existente,pola súa escasa entidade non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador dado que afectan unicamente a unha construción e non á parcela na que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."*
-Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos setenta euros (270,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en nove mil euros. (9.000,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 182/2021. SOLICITUDE LICENCIA Dª. Mª LUISA PIÑEIRO REJA. CUBRICIÓN VIVENDA.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a solicitude de licencia formulada por Dª. MARÍA LUISA PIÑEIRO REJA, con DNI. Núm. ****8973D, e na su representación Dª. Mayte Vidal Lourido, con NIF. ****8121Y, con data 16/03/2021 e Núm. 94 de rexistro de entrada, con domicilio a efectos de notificacións en Avda. Do Val núm. 13, parroquia de Santa María (Lourenzá) para a execución das obras consistentes en **RENOVACIÓN DE CUBRICIÓN** en vivenda existente en Avda. do Val núm. 13, parroquia de Santa María (Lourenzá), dentro da afección da estrada autonómica (LU-122) que une Paraxes con Lourenzá; p.k. 32,780 marxe dereita, no contorno de protección da Casa con escudo na c/As Prazas n.º 16 casa Indiana Miguelito/catalogadas, con referencias catastrais 7946009PJ3174N0001KF y 7946011PJ3174N0001OF, para o que

Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 48

presenta Memoria Valorada de data marzo 2021, redactada pola arquitecta Dª. María Mayte Vidal Lourido, colexiada núm. 4088 do COAG.
Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:
1.- A autorización da obra solicitada.
2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 17/01/22 a saber:
- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Urbano.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- As obras solicitadas consisten na renovación de cuberta, remate de chimenea existente, colocación perimetral de canalón de zinc coas súas baixantes substitución de ventás de cuberta e portalón de acceso ao garaxe.
- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesita Proxecto Técnico.
- Consta no expediente la Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 15/04/2021, Expediente 33028, no que se AUTORIZAN, literalmente as obras solicitadas coa condición que: "A cuberta rematarase con lousa irregular do país. Esta autorización emítese dende o punto de vista da protección do patrimonio cultural sen prexuízo dos dereitos de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, autonómica ou calquera outros que fosen necesarios para a realización das intervencións recollidas nela."
- Consta no expediente a declaración responsable de 25/03/21 presentada pola solicitante ante o Servicio provincial da Axencia Galega de Infraestructuras (AXI) dla Consellería de Infraestructuras e Mobilidade por encontrarse a edificación na zona de influencia da estrada autonómica LU-122 Paraxes-Lourenzá, na marxe dereita do punto kilométrico 32,780.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar catrocentos dous euros con cincuenta e seis céntimos (402,56) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en trece mil catrocentos dezaoito euros con setenta e sete céntimos (13,418,77). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 48

8.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.
- Consta no expediente informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de data 25/06/2021, no que consta literalmente: ”Autorizar a execución das obras de reparación de carpinterías dun edificio localizado na rúa Avelino Montero Villegas núm. 27, Referencia catastral 7647010PJ3174N0001YF, Lourenzá, de acordo co cumprimento das condicións establecidas no punto 2.2 desta Resolución, no que únicamente establecese que as obras solicitadas son COMPATIBLES coa protección do patrimonio e conservación dos valores doCamiño”.
O interesado, como trámite previo á concesión da licencia, deberia abonar trescentos vinte e tres euros con corenta céntimos (323,40.-) en concepto do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras, o cal ven a supoñer o 3% do presuposto de execución material da obra que ascende a dez mil setecientos ochenta euros (10.780,00.-).
Dado que se trata dunna obra incluida no ámbito do A.R.I pola Secretaria-Intervención fíxose constar que: ”As obras acollidas ao Programa estarán exentas nun 95% do Impuesto de Construccións, Instalacións e obras e nun 100% da Taxas por outorgamento de Licencias Urbanísticas, de conformidade coas Ordenanzas Fiscais correspondentes.
En caso de ser anulada a axuda concedida, os importes do I.C.I.O e da Taxa deberán ser aboados polo solicitante.
O procedemento de concesión das bonificacións terá carácter rogado, es dicir, iniciarase por solicitude do interesado e deberá acompañar o informe ou xustificación emitido pola Oficina de Rehabilitación no que se sinale que as actuacións son obxeto de axuda para a rehabilitación no ámbito do A.R.I., debendo ser resoltas polo Pleno.
A solicitude de bonificación deberá presentarse coincidindo coa solicitude da correspondente licencia A Administración resérvase o derecho a colocar publicidade tendente ao fomento da rehabilitación.

| **Expediente 84/2022. SUBVENCIÓNS APROL RURAL 2022.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista aproposta da Alcaldía de data 10/02/2022 referente a Orde do 07 de xaneiro do 2022,*pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio rural (APROL RURAL)* e se procede á sua convocatoria para o exercicio 2022 (código de procedemento TR351G), publicada no DOGA núm.21, do Martes 01/02/2022, a Xunta de Goberno Local, en



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 48

votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade, unha subvención por importe de VINTE E SETE MIL NOVECENTOS CORENTA (27.940,00) EUROS ao abeiro da Orde de 07 de xaniero do 2002 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2022, para o proxecto denominado "TAREFAS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS, LIMPEZA FORESTAL E XESTIÓN DA BIOMASA".

SEGUNDO.- Que as retribucións salariais brutas dos traballadores e traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á Seguridade Social son as das seguintes táboas:

| NÚMERO TRABALLADORES | GRUPO COTIZACIÓN S. SOCIAL | OCUPACIÓN | CNAE 2009 (4 díxitos) /ou OCUPACIÓN (letra) |
|---|---|---|---|
| 1 | 8 | TRACTORISTA / CONDUCTOR OPERADOR DE MAQUINARIA FORESTAL | 8411(D) |
| 1 | 8 | PEÓN FORESTAL | 8411(D) |

| | CUSTO UNITARIO MENSUAL | | | |
|---|---|---|---|---|
| | SALARIO BRUTO | % COTA PATRONAL S. SOCIAL | COTA PATRONAL S. SOCIAL | TOTAL CUSTO MENSUAL |
| | 1.126,44 | 37,80% | 425,79 | 1.552,23 |
| | 1.126,44 | 37,80% | 425,79 | 1.552,23 |
| **TOTAL COSTE EMPRESA** | 20.275,92 | | 7.664,22 | 27.940,14 |
| **TOTALSUBVENCIONABLE** | 20.275,92 | | 7.664,22 | 27.940,00 |

| | CUSTOS TOTAIS | | | |
|---|---|---|---|---|
| | DURACIÓN CONTRATO MESES | INDEMNIZACIÓN FIN CONTRATO | TIPO XORNADA | CUSTOS SALARIAIS TOTAIS |
| | 9 | 337,93 | 100% | 14.308,00 |
| | 9 | 337,93 | 100% | 14.308,00 |
| **TOTAL COSTE EMPRESA** | | 675,86 | | 28.616,00 |
| **TOTALSUBVENCIONABLE** | | | | 27.940,00 |

TERCEIRO.- Que esta entidade acepta expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases reguladoras da citada subvención, así como o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionadas ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 48

que ascende a un total de vinte e oito mil seiscentas dezaseis (28.616,00) euros.
CUARTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 106/2022. DOMINGO DE PIÑATA 2021.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto que as Bases de Execución do presuposto aprobado polo Pleno o día 18/03/2021 e prorrogado no día da data, recollen no seus artigos número 36 e 38 a posibilidade de que se autoricen “pagos a xustificar” e se establecen as normas que o regulan.
Visto que o día 18/02/2022, Dª. Rocío López García, propón, en calidade de Alcaldesa, un pago a xustificar por importe de TRES MIL (3.000,00.) EUROS, co fin de atender á entrega dalgúns dos premios en metálico do Desfile de Entroido que se celebrará o Domingo de Piñata, o Domingo, día 6 DE MARZO do ano en curso, e que este ano organiza o Concello xunto coa Asociación de Comerciantes de Lourenzá ( ACIAL), ascendendo o importe total dos premios en metálico a Catro mil douscentos euros (4.200,00.-) euros.
Visto que o día 21/02/2022 foi emitido un informe de Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir en relación con este asunto. A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión, ACORDA:
PRIMEIRO.- Que se autorice o pago con carácter de «A Xustificar», motivado polo feito de que os premios en metálico para o DOMINGO DE PIÑATA/2020, a celebrar o día 06/03/2022, deben darse o mesmo día do desfile, por importe de TRES MIL (3.000,00) EUROS, a favor de Dª Rocío López García, para atender ós seguintes gastos, imputables todos eles á partida presupostaria 330.48 do Estado de Gastos:

| DENOMINACIÓN PREMIO | IMPORTE EUROS |
|---|---|
| 2º PREMIO INDIVIDUAL INFANTIL | 50 |
| 1º PREMIO PARELLA INFANTIL | 150 |
| 1º PREMIO GRUPO INFANTIL | 250 |
| 2º PREMIO GRUPO INFANTIL | 200 |
| 1º PREMIO INDIVIDUAL ADULTO | 150 |
| 2º PREMIO INDIVIDUAL ADULTO | 100 |



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 35 a 48

| | |
|---|---|
| 1º PREMIO PARELLA ADULTO | 200 |
| 2º PREMIO PARELLA ADULTO | 150 |
| 3º PREMIO PARELLA ADULTO | 100 |
| 1º PREMIO GRUPO ADULTOS | 300 |
| 2º PREMIO GRUPO ADULTOS | 250 |
| 3º PREMIO GRUPO ADULTOS | 200 |
| 2º PREMIO CARROZA | 250 |
| 3º PREMIO CARROZA | 150 |
| 2º PREMIO COMPARSAS E CHARANGAS | 250 |
| 3º PREMIO COMPARSAS E CHARANGAS | 150 |
| PREMIO ESPECIAL AO MÁIS CHISTOSO | 100 |
| TOTAL | 3.000 |

SEGUNDO.- Que se ordene o pago de "A Xustificar" por importe de TRES MIL (3.000,00.-) EUROS, e que se poñan os fondos a disposición da preceptora, Dª. Rocío López García, que deberá xustificar a aplicación das cantidades recibidas no prazo máximo de tres meses, contados dende a percepción dos fondos, así como reintegrar as cantidades non invertidas ou non xustificadas. O incumprimento desta obrigación deberá orixinar necesariamente o correspondente expediente de reintegro. A preceptora estará suxeita ó réxime de responsabilidades que establece a normativa vixente, xa que os fondos librados por este sistema teñen a consideración de fondos públicos.

TERCEIRO.- Que se lle notifique esta resolución á interesada, así como a Secretaría-Intervención e Tesourería, para os efectos oportunos.

**Expediente 55/2022. RATIFICACIÓN SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARQUE INFANTIL NO CANTÓN/2022.**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a Resolución da Alcaldía de data 08/02/2022, na que se solicita unha subvención á Vicepresidencia Primeira da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ó abeiro da Orde de 29/12/2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A), unha subvención por importe de TRINTA E



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 a 48

DOUS MIL CENTO SESENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (32.168,59€), correspondentes ao 80% do presuposto para a execución do proxecto "MELLORA E ACONDICIONAMENTO PARQUE CANTON", sendo o seu contido literal o que segue:

*"<u>RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-</u>Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación vixente e vista a ORDE do 29 de decembro do 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A), VEN A RESOLVER:*

*<u>PRIMEIRO.-</u> Aprobar o proxecto técnico de <u>"MELLORA E ACONDICIONAMENTO PARQUE CANTÓN",</u> ascendendo o seu presuposto total a CORENTA MIL DOUSCENTOS DEZ EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS(40.210,74 €), IVE INCLUÍDO.*

*<u>SEGUNDO.-</u> Solicitar a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ao abeiro da ORDE do 29 de decembro do 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A), unha subvención por importe de TRINTA E DOUS MIL CENTO SESENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (32.168,59€), correspondentes ao 80% do presuposto para a execución do proxecto "MELLORA E ACONDICIONAMENTO PARQUE CANTON", co seguinte detalle:*

| *CANT.* | *DESCRICIÓN* | *PREZO* | *TOTAL* |
|---|---|---|---|
| *1,00* | *UD. DESMONTAXE XOGOS*<br>*Desmontaxe e retirada dos actuais elementos de xogo, compostos por un columpio de cesta colgante, tres balancíns, un tobogán e un xogo mixto, composto por plataformas unidas entre si, con panel de escala e tobogán.* | *200,00* | *200,00* |
| *1,00* | *UD. DESMONTAXE PAVIMENTO*<br>*Desmontaxe e retirada de superficie amortiguadora de caucho continuo, incluso retirada de remates de madeira perimetrais e limpeza da superficie da lousa de* | *300,00* | *300,00* |



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 48

| | | | |
|---|---|---|---|
| | *cimentación existente. Incluso xestión de residuos.* | | |
| *1,00* | *UD. COLUMPIO MIXTO*<br>*Subministro e colocación de xogo tipo Columpio Mixto* | *1.489,00* | *1.489,00* |
| *1,00* | *UD. ACUARIO*<br>*Subministro e colocación de xogo Tipo Acuario* | *5.862,00* | *5.862,00* |
| *1,00* | *UD. AIZARNA*<br>*Subministro e colocación de xogo Tipo Aizarna* | *7.943,00* | *7.943,00* |
| *1,00* | *UD. CAMIÓN*<br>*Subministro e colocación de xogo Tipo Camión* | *792,00* | *792,00* |
| *1,00* | *UD TRACTOR*<br>*Subministro e colocación de xogo Tipo Tractor* | *545,00* | *545,00* |
| *134,25* | *M2 PAVIMENTO AMORTECEDOR CONTÍNUO*<br>*Pavimento amortecedor de caídas continuo, formado por un sistema bicapa de caucho continuo pavimento de acabado encapsulado , aplicado in situ, varias cores, grosor medio de 40mm. ( 30mm sbr + 10mm emcapsulado), cumprindo coa normativa UNE-2N1177:1997. Revés esmirilado para fixación con adhesivo epoxi ou poliuretano de duos compoñentes, totalmente rematado contra elementos e perímetros.* | *58,00* | *7.786,50* |
| *1,00* | *INSTALACIÓN DE CARTEL*<br>*Instalación dun cartel metacrilato personalizado colocado sobre postes de madeira de dimensións 1,00 x 0,50 mts.* | *380,00* | *380,00* |
| *1,00* | *CERTIFICACIÓN DE ÁREA*<br>*Certificación da area de xogos completa por parte de empresa ou organismo acreditado por AENAC, incluíndo xogos infantís, pavimento , carteis etc. Todo conforme ás normas Normas UNE EN 1176, UNE-EN 1177 e UNE-EN 147101, así como ao Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.* | *400,00* | *400,00* |
| | | *SUBTOTAL* | *25.697,50* |



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 38 a 48

*TOTAL PRESUPOSTO EXECUCIÓN MATERIAL 25.697,50 €*

*Gastos xerais (13%) 3.340,68 €*

*Beneficio Industrial (9%) 2.312,78 €*

*TOTAL PRESUPOSTO DE CONTRATA SEN IVE 31.350,96 €*

*IVA (21%) 6583,70 €*

*TOTAL PRESUPOSTO DE CONTRATA CON IVE 37.934,66 €*

*Proxecto técnico 940,53 €*
*Dirección de Obra 940,53 €*
*TOTAL HONORARIOS SEN IVE 1.881,06 €*
*IVA (21%) 395,02 €*
*TOTAL HONORARIOS CON IVE 2.276,08 €*
*TOTAL PRESUPOSTO 40.210,74 €CUARTO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 29 de Decembro de 2021.*

*QUINTO.- Comprometerse ao financiamento do importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.*
*SEXTO.- Ratificar esta resolución na próxima Xunta de Goberno Local.*

**Expediente 102/2022. RATIFICACIÓN SOLICITUDE SUBVENCIÓN MELLORA INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS 2022.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Neste punto, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA RATIFICAR a Resolución da Alcaldía de data 17/02/22 pola que se acorda solicitar á Axencia de Turismo de Galicia unha subvención para a Sinalización dos recursos turísticos do Concello de Lourenzá, posta en valor do Val da Faba", por un importe de 18.016,90 euros, e ó abeiro da Resolución do 09/02/2022 (DOGA. Núm. 32 de 16/02/2022), sendo o seu contido literal o que segue:
*"Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e vista a RESOLUCIÓN do 9 de Febreiro de 2022, publicada no DOGA. num. 32 do Mércores 16 de Febreiro de 2022 da*



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 48

*AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2022, VEN A RESOLVER:*

*PRIMEIRO.- Aprobar a memoria de "SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LOURENZA, POSTA EN VALOR DO VAL DA FABA" ascendendo o seu presuposto total a DEZAOITO MIL DEZASEIS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (18.016,90 €), IVE INCLUÍDO.*

*SEGUNDO.- Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia ao abeiro da RESOLUCION do 9 de Febreiro de 2022, publicada no D.O.G. num. 32 do Mércores 16 de Febreiro de 2022 da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a súa convocatoria para o ano 2022, unha subvención por importe de DEZAOITO MIL DEZASEIS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS, (18.016,90 €), IVE INCLUÍDO, para a execución do proxecto "SINALIZACIÓN DOS RECURSOS TURISTICOS DO CONCELLO DE LOURENZA, POSTA EN VALOR DO VAL DA FABA", co seguinte desglose:ORZAMENTO*

| UD | DESCRICIÓN | PREZO UD. | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 2 | PLANÍMETRO CULTURAL 140x140 (A 1 CARA)<br>Subministro panel composto por bandexa de aluminio de 140x140 cm, e patas de aluminio lacado en RAL. Gráfica en vinilo impreso laminado. | 1.750,00€ | 3.500,00 € |
| 2 | INSTALACIÓN PLANÍMETRO | 250,00 € | 500,00 € |
| 28 | SINAL<br>Sinal de orientación con reflexiva HI de 120x30 cm.<br>Inclúe dous postes de 4x8x2 de 3 m de lonxitude | 240,00 € | 6.720,00 € |
| 28 | INSTALACIÓN SINAL | 115,00 € | 3.220,00 € |
| 1 | DESEÑO E TRADUCIÓNS PLANÍMETROS | 950,00 € | 950,00 € |

| SUBTOTAL | 14.890,00 € |
|---|---|



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 48

| | |
|---|---|
| *IVA 21%* | *3.126,90 €* |
| *TOTAL* | *18.016,90 €* |

*CUARTO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución do 09 de Febreiro de 2022.*
*QUINTO.- Comprometerse ao financiamento do importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.*
*SEXTO.- Ratificar esta resolución na próxima Xunta de Goberno Local.*

**Expediente 115/2022. FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Neste punto da orde do día, a Xunta de Goberno Local, unha vez vista a proposta da Alcaldía de 22/02/2022 e a ORDE do 29 de decembro de 2021 *pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia,* publicada no DOGA. núm. 16 do Martes 25 de Xaneiro de 2022, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:
PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ao abeiro da ORDE do *29 de decembro de 2021 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia,* para o proxecto de investimento denominado "ADQUISICIÓN DE TRITURADORA E REMOLQUE PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ" baixo a liña de concorrencia competitiva, unha subvención por importe de TRINTA E DOUS MIL (32.000,00) EUROS, o que supón o 80% do presuposto total presentado que ascende á cantidade de CORENTA MIL (40.000,00) EUROS, desglosado do seguinte xeito:

PROXECTO DE INVESTIMENTO ORZAMENTO SUBVENCIÓN



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 48

| ADQUISICIÓN DE TRITURADORA E REMOLQUE PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ | | SOLICITADA (80%) |
|---|---|---|
| REMOLQUE | 21.891,72 € | 17.513,38 € |
| TRITURADORA | 18.108,28 € | 14.486,62 € |
| TOTAL | 40.000,00 € | 32.000,00 € |

SEGUNDO.- Incluír na solicitude de subvención os gastos correspondentes ao IVE posto que, de conformidade co disposto no artigo 4.2c) da Orde ao abeiro da que se solicita a subvención, este Concello, como beneficiario, abónao directamente e non é susceptible de recuperación.
TERCEIRO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada Orde, comprometéndose, no caso de que se conceda a subvención, a achega municipal que figura no punto primeiro con cargo aos presupostos municipais do presente exercicio
CUARTO.- Comprometerse á utilización da lingua galega na realización das actividades para as cales se solicita a axuda así como a responder de forma solidaria tanto da execución do proxecto como da aplicación solidaria da subvención.
QUINTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**AUMENTO HORAS SAF POLA DEPENDENCIA DE Dª ERMINDA LOUREIRO PIÑEIRO.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista a comunicación de 12/09/19 da Traballadora Social do Concello de Lourenzá, na que da conta do recoñecemento a Dª. ERMINDA LOUREIRO PIÑEIRO, con D.N.I. nº ****7455M, con domicilio en Requeira núm. 13 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, da inclusión no programa de asignación de recursos (PAR-SAF) con una intensidade de 46-70 horas/mes das que vai pasar a percibir 40 horas/mes, correspondéndolle abonar por dito servizo a cantidade de cento dez euros ao mes (110,00.-) o que supón o 2,75% da súa capacidade económica, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a moficación do servizo de “Axuda no Fogar” a Dª. Erminda Loureiro Piñeiro con una intensidade de 40 horas/mes.



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 42 a 48

| **ALTA SAF LIBRE CONCORRENCIA DE Dª. AMANDINA SEIVANE LÓPEZ.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar de Dª. AMANDINA SEIVANE LÓPEZ con DNI. núm. ****5221Z, con domicilio en Ferreira de Oural núm. 2 da Parroquia de Santo Tomé deste termo, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:<br>Darse por enterada do alta no servizo de "Axuda no Fogar", a través do sistema de dependencia a Dª. Amandina Seivane López de 8 horas ao mes polo que deberá abonar trinta euros (30,00) mensualmente o que supón o 30% da súa capacidade económica. | |

| **REDUCCIÓN HORAS SAF DE LIBRE CONCORRENCIA DE Dª. EMERITA GONZÁLEZ RIVAS.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Vista a solicitude de Dª. M.ª EMÉRITA GONZÁLEZ RIVAS con D.N.I. nº ****7579Z, con domicilio en Outeiro núm 2 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, así como o informe emitido pola Traballadora Social do Concello de data 07/02/22, relativo a reducción de horas no Servicio de Axuda no Fogar deste Concello pasando a 8 horas/mes, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:<br><br>Conceder a reducción do servicio de "Axuda no Fogar" a Dª. Mª Emérita González Rivas, pasando a dispoñer de dito servicio 8 horas ao mes polo cal lle corresponde abonar corenta euros (40,00) mensualmente o que supón a 5,00 euros/hora. | |

| **BAIXA SAF DEPENDENCIA DE Dª. VICENTA SANTE VILLARINO** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Visto informe da Traballadora Social de data 27/01/22, relativo á extinción do servizo de axuda no fogar de Dª VICENTA SANTE VILLARINO con D.N.I. n.º****2807S, con domicilio en Alvaro Cunqueiro núm. 19 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, por falecemento da beneficiaria, a Xunta de Goberno Local | |



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 48

en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a EXTINCIÓN do servizo de Axuda no Fogar de Dª Vicenta Sante Villarino.

**BAIXA SAF URXENCIA LIBRE CONCORRENCIA DE D. JOSE MARCONI GONZÁLEZ SÁNCHEZ.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto informe da Traballadora Social de data 17/02/22, relativo á extinción do servizo de axuda no fogar de D. JOSÉ MARCONI GONZÁLEZ SÁNCHEZ con D.N.I. n.º ****7409M con domicilio en Igrexa núm. 16 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, por desaparición das causas que motivaron a prestación do servicio, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a EXTINCIÓN do servizo de Axuda no Fogar de D. José Marconi González Sánchez.

**BAIXA SAF URXENCIA LIBRE CONCORRENCIA Dª. EDUVIGES ALVITE COMENDEIRO.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto informe da Traballadora Social de data 21/02/22, relativo á extinción do servizo de axuda no fogar de Dª EDUVIGES ALVITE COMENDEIRO con D.N.I. n.º****2212Q, con domicilio en Oural núm. 7 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, por renuncia da beneficiaria, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:
Conceder a EXTINCIÓN do servizo de Axuda no Fogar de Dª Eduviges Alvite Comendeiro.

**Expediente 92/2022.SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE LIXO D. OLIVIER VALIÑA ARAUJO**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 239 de 11/02/22 subscrita por D. OLIVIER VALIÑA ARAUJO con D.N.I. núm. ****1339X con domicilio en San Lourenzo, núm. 5, da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titularidade no Padrón de recollida de



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 44 a 48

| |
|---|
| residuos sólidos urbanos en San Lourenzo, núm. 5, San Jorge, que antes figuraba a nome de D. Raimundo Rivas Ron e para que agora figure a nome de D. Olivier Valiña Araujo, núm. 5, San Jorge.<br>A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre do 2022. |

| | |
|---|---|
| **Expediente 93/2022. SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE LIXO Dª SARA CABALEIRO NAVARRO** | |
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Vista solicitude núm. 241 de 11/02/22 subscrita por Dª. SARA CABALEIRO NAVARRO con D.N.I. núm. ****1032Z con domicilio en Carlos Peregrín Otero, núm. 7, 3º esqda, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titularidade no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Carlos Peregrín Otero, núm. 7, 3º esqda, Santa María, que antes figuraba a nome de D. José Carlos Alonso Rozas e para que agora figure a nome de Dª. Sara Cabaleiro Navarro en Carlos Peregrín Otero, núm. 7, 3º esqda, Santa María.<br>A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre do 2022. | |

| | |
|---|---|
| **Expediente 104/2022. SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE LIXO D. JOSÉ LUIS RIVAS VIDARTE** | |
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Vista solicitude núm. 256 de 16/02/22 subscrita por D. JOSÉ LUIS RIVAS VIDARTE con D.N.I. núm. ****4810M con domicilio en Julia Minguillón, núm. 9, 2º G, do Termo Municipal de Foz, na que solicita o cambio de titularidade no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Condomiña, núm. 8, Santa María, que antes figuraba a nome de Dª. Dorinda Vidarte Pérez e para que agora figure a nome de D. José Luis Rivas Vidarte en Condomiña, núm. 8, Santa María<br>A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre do 2022. | |

| | |
|---|---|
| **Expediente 105/2022. SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE LIXO Dª CINTIA GARCÍA IRIMIA** | |
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
| Vista solicitude núm. 253 de 16/02/22 subscrita por Dª. CINTIA | |



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 45 a 48

GARCÍA IRIMIA con D.N.I. núm. ****3048V con domicilio en Arroxo, núm. 18, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titularidade no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Rúa Fernández del Riego, núm. 5, baixo 02, Santa María, que antes figuraba a nome de Librería Josgua CB e para que agora figure a nome de Dª. Cintia García Irimia en Rúa Fernández del Riego, núm. 5, baixo 02, Santa María, para establecemento de librería.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre do 2022.

**Expediente 94/2022. SOLICITUDE BAIXA LIXO Dª Mª DOLORES ROMERO REIGOSA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 222 de 10/02/22 subscrita por Dª. Mª DOLORES ROMERO REIGOSA con D.N.I. núm. ****1533T con domicilio en Avda. do Val, núm. 23, 1º da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Avda. do Val, núm. 23, 1º da Parroquia de Santa María por peche do negocio.
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda deixar este asunto sobre a mesa e solicitarlle a Dª Mª Dolores Romero Reigosa que presente a baixa da actividade na Axencia Tributaria.

**Expediente 590/2020. SUBVENCIÓNS ACTIVIDADES CULTURAIS. PAGO**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto que con data 12 de abril de 2022, reuniuse a Comisión de Valoración para a avaliación de solicitudes presentadas ao abeiro das bases para a concesión de subvencións municipais destinadas a asociacións do concello de Lourenzá para a realización de actividades culturais durante o ano 2021, propoñendo a concesión das seguintes subvencións.
1.- Anpa CEIP Juan Rey: 720 euros
2.- Asociación Club Vespafaba y Clásicos Lourenzá : 960 euros.
3.- Asociación Cultural Banda de Música de Lourenzá: 4.320 euros.
Visto que pola Xunta de Goberno Local de data 29 de abril de dous mil vinte e un acordouse conceder ás subvencións propostas pola Comisión de Valoración.



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 a 48

Visto que se notificou ós Presidentes da Anpa CEIP Juan Rey, á Asociación Club Vespafaba y Clásicos Lourenzá e a Asociación Cultural Banda de Música de Lourenzá o acordo da Xunta de Goberno Local, así como o prazo para a presentación da documentación xustificativa da axuda económica concedida o cal finalizaba o 30 de decembro de 2021 .
Visto que a citada documentación foi presentada neste concello polas Asociacións : Club Vespafaba y Clásicos Lourenzá e a Asociación Cultural Banda de Música de Lourenzá dentro do prazo establecido, e non foi presentada documentación algunha por a Anpa CEIP Juan Rey.
A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria , por unanimidade , ACORDA:
O abono das subvencións concedidas ó abeiro das bases para a concesión de subvencións destinadas a Asociacións do Concello para actividades culturais na anualidade 2021 e que son as seguintes:
Asociación Club Vespafaba y Clásicos Lourenzá: 960 euros.
Asociación Cultural Banda de Música de Lourenzá : 4.320 euros.

**Expediente 100/2022. ESCRITO MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA.CUOTA ORDINARIA E ÚNICA 2022**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Visto o escrito achegado pola Mancomunidade de Concellos de Mariña Lucense, de data 14/02/222, Expediente 15/2022 , rexistrado de entrada o día 16/02/2022 co núm. 2022-E-RC-250, e referente ás cotas ordinarias 2022 e que supoñen un incremento respecto ó ano anterior, posto que as achegas para o presente exercicio incrementase en dous euros (2,00) euros por habitante como consecuencias das aportacións extraordinarias que esixe a execución o Plan de Sostenibilidade Turística e que no caso do Concello de Lourenzá ascendería a cantidade de CATRO MIL DOUSCENTOS SETENTA E OITO (4.278,00)EUROS.
A Xunta de Goberno Local, visto o contido do escrito e informados con máis detalle pola Alcaldía, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:
PRIMEIRO.- Aprobar a achega do financiamento correspondente a cota ordinaria 2022 da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense por imporete de CATRO MIL DOUSCENTOS SETENTA E OITO (4.278,00)EUROS.
SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo á Tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos.



Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 47 a 48

| **FACTURAS FEBREIRO 2022** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. 24 de 02/02/22 | Domingos, festivos e Sábados dependencia(109, 5 horas.) | 1.831,28 |
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. 25 de 02/02/22 | Vacacións auxiliares(217,83 horas) | 3.160,28 |
| SERVICIOS SOCIAS SAN ROQUE NIF.B27333160 | Núm. 26 de 02/02/22 | Incidencias Dependencia (60 horas) | 920,70 |
| **TOTAL** | | | **5.912,26** |

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: TA5HPG2ER7JWDZ3H45LJG3EKQ | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 a 48